

**a clásica**



TEMPADA 22.1  
CORRESPONDENCIAS

ORGANIZA

# a clásica

COLABORAN

CONCELLO  
DE VIGO



Universidade de Vigo



TEXTOS E DESEÑO DA PROGRAMACIÓN

Manuel Martínez Torres

DESEÑO E IMAXE

Carmen Itamad Cremades Romero

Depósito legal: VG 32-2022

## CORRESPONDENCIAS | TEMPADA 22.1

Comezamos a primeira metade da tempada 2022 cunha proposta musical que trata de artistas e versións; de mestres e inspiración para abordar a vixencia da arte a través do tempo e dos estilos, e como estes conectan co noso tempo.

Neste ciclo de tres concertos teremos a oportunidade de escoitar sonoridades e propostas moi distintas que manteñen unha mesma intencionalidade, abordar a escoita contemporánea da música e como esta se conecta entre pezas para xerar os momentos únicos que compartimos na sala de concertos.

Tomamos como punto de partida o *Entroido dos animais*, peza interpretada no mes de febreiro e presentada aquí modo obertura. Unha mascarada que antecede á reflexión coa que teremos a oportunidade de chegar ao Mozart máis esencial para a orquestra coa sinfonía *Haffner*, dando paso a unha proposta que revisa a transcendencia do mesmo compositor dende a óptica da poesía actual galega e pechar o ciclo descubriendo unha increíble revisión soviética de Bizet realizada polo mellor instrumentador de 1960.

Nesta tempada buscamos plasmar a diversidade que pode ofrecer unha orquestra e conectar con vós, se nolo permitides, ofrecendo escoitas sempre actuais e vixentes sobre o noso diverso pasado musical.

Como sempre, dende a Orquestra Clásica de Vigo convidámosvos a abrir as orellas para escoitar novas músicas e redescubrir as que xa sabemos de memoria, pois a música non é estática. Acompañádenos nesta tempada para gozar do pracer de descubrir, escoitar e compartir a música en directo.

MANUEL MARTÍNEZ

18.03 | 20.30H | TEATRO AFUNDACIÓN, VIGO

# MOZART ESENCIAL

A tempada comeza cunha proposta clásica centrada na música de Mozart, nun monográfico no que se presentarán dúas pezas esenciais como son o concerto para fagot e a sinfonía *Haffner*. Deste xeito, búscase entender a súa importancia para a consolidación do son da orquestra. Ademais, neste programa presentaremos os timbais centenarios da Banda Municipal de Música de Vigo, restaurados recentemente pola orquestra e demostrando así a súa importancia e vixencia, conectando así coas obras escollidas. Un programa esencial.

---

## PROGRAMA

- *Concerto para fagot e orquestra en si bemol maior K. 191*, de W. A. Mozart
- *Sinfonía n.35 "Haffner" en re maior, K. 385*, de W. A. Mozart

---

## SOLISTA

Manuel Veiga, fagot

## DIRIXE

Manuel Martínez Álvarez-Nava

---

*Entradas en [ataquilla.com](http://ataquilla.com) dende 5 euros*

09.04 | 20.00H | AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO

# RETRATO MUSICAL

Orquesta Clásica de Vigo + Cintaadhesiva

Retrato musical preséntase como unha continuación do monográfico mozartiano co que deu comezo a tempada coa fin de contrastar dúas lecturas, ambas actuais, sobre o mesmo compositor e constatar a vixencia da súa música. Neste concerto, a Orquesta Clásica de Vigo compartirá escenario cos compoñentes da agrupación poético-musical Cintaadhesiva, Silvia Penas e Jesús Andrés Tejada, para abordar a música de Mozart dende a óptica da poesía galega actual e o audiovisual para xerar unha proposta única que tome como base a ópera *Così fan tutte* para chegar a algo completamente novo.

---

## RECITADO E TEXTO POÉTICOS

Silvia Penas

## DIRIXE

Manuel Martínez Álvarez-Nava

---

## AUDIOVISUAL

Jesús Andrés Tejada

---

*Entradas en [ataquilla.com](http://ataquilla.com)*

27.05 | 20.30H | TEATRO AFUNDACIÓN, VIGO

# CARMEN

No mes de maio pecharemos a primeira metade da tempada coa sorprendente obra composta en 1967 polo artista soviético Rodión Shchedrin. *Carmen* é unha suite que recolle cunha inusitada limpeza e bo gusto a esencia musical e expresiva de *Carmen*, a inmortal obra de G. Bizet, integrándoa cunha delicadísima sección de percusión. Neste concerto assistiremos a unha increíble combinación entre a tradición musical do século XIX e a percusión contemporánea a través dunha exquisita orquestración. A suite de *Carmen* é unha xenialidade que vos convidamos a escoitar e non podeades perder.

## PROGRAMA

— *Suite de Carmen*, de R. Shchedrin

## DIRIXE

Manuel Martínez Álvarez-Nava

Entradas en [ataquilla.com](https://ataquilla.com) dende 5 euros

## PREZOS E ESPAZOS

### TEATRO AFUNDACIÓN

LOCALIDAD	PRECIO
Patio de butacas	16,00 €
Patio de butacas, visibilidade reducida	16,00 €
Primer anfiteatro	15,00 €
Anfiteatro central	16,00 €
Primer anfiteatro, visibilidade reducida	13,00 €
Segundo anfiteatro	12,00 €
Segundo anfiteatro, visibilidade reducida	8,00 €
Terceiro anfiteatro	5,00 €
Terceiro anfiteatro, visibilidade reducida	5,00 €

### AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO

Patio de butacas: 13,00 €

### ABONO XERAL

3 butacas no 2022: 40,00 €

### DESCONTOS

- Menores de 16 anos: 5 €
- Última hora en taquilla: 5 €  
a menores de 30 anos.



# ABONO TRES BUTACAS



## a clásica



Á VENDA NA LIBRERÍA VERSUS  
Rúa de Venezuela, 80, Vigo